

PARROQUIA:	NÚCLEO:
<b>A VILA DE ABADE (SAN CIBRÁN)</b>	<b>CARBALLAL, O</b>
	<b>10.02</b>

**TIPO de NÚCLEO:**  
De estrutura polinuclear bastante compacto, segundo os criterios das DOT.

**DATOS do NÚCLEO:**

- HABITANTES	Núcleo: 109	Ano 2010: 145	Evolución: -36
	Estímase que nos últimos dez anos a poboación diminuíu aproximadamente nun 25%		

- SITUACIÓN  
Localízase ao noroeste do concello, nas proximidades do asentamento dos Paraños ao este, As Cerdeiras e Os Pedregais ao sur.

- TOPOGRAFÍA  
Nunha cota elevada, arredor dos 420 m, e con vertente norte cara o rego das Cerdeiras.

- ORIENTACIÓN Este-Oeste

- ESTRUTURA VIARIA (Tipo e estado de camiños)  
Atópase integrado por un conxunto de camiños en bo estado, tanto no seu firme como na súa sinalización, con suficiente ancho e sen beirarrúas.

- TIPOLOXÍA e OBSERVACIÓNS  
Núcleo bastante compacto con predominio da casa tradicional sobre a moderna.

- CULTIVOS

1ª FRANXA (interior a 50 m)	Pequenas hortas, vides e árbores froiteiras.
2ª FRANXA (50 m a 250 m)	Millo e pastos.
3ª FRANXA (250 m ou máis)	Monte alto (eucaliptos, carballos e pinos).

**EDIFICACIÓNS:**

- Nº de VIVENDAS	Tradicional: 13	Moderna: 9
- ESTADO de CONSERVACIÓN	A vivenda tradicional atópase en diferentes estados de conservación, presentando nalgún caso as súas fachadas lucidas con morteiro.	

- TIPOLOXÍA / ALTURA  
Casa rural de pedra con estrutura de B+I, muros de cachotería, excepto os marcos de portas e xanelas, sendo nalgúns casos os esquinais de sillería de granito. Cuberta a dúas augas con acabado de tella curva sobre entramado de madeira, que se estende sobre as edificacións auxiliares, no caso das máis antigas. Pola contra, a vivenda moderna ou tipo chalet con estrutura B+I, con muros de ladrillo lucidos con morteiro de cemento e pintado de cores claras. Cuberta a dúas e catro augas con acabado a partir de tella curva.

- Nº de CONST. AUXILIARES

Tradicional: 16	Moderna: 78
-----------------	-------------

- TIPOLOXÍA e ESTADO de CONSERVACIÓN  
Alpendre de pedra con estrutura de planta baixa, muros de cachotería e aberto nun dos seus frontes, con pequenos ocos nos seus laterais para a ventilación. Cuberta a dúas augas a partir de tella curva sobre entramado de madeira, sendo de viguetas de formigón as reformadas. Por outra banda, as edificacións auxiliares modernas, de ladrillo ou bloque con cuberta a dúas augas a partir de pranchas de fibrocemento.

- Nº de OUTRAS CONST.

Tradicional: 7	Moderno: 23
----------------	-------------

EQUIPAMENTOS e ESPAZOS LIBRES:					SERVIZOS URBANÍSTICOS:	
TIPO	DENOMINACIÓN	TITUL.	SIST.	SUP. EQ.	SERVIZO	TIPO
					Abast. Auga	Pozo
					Saneamento	Fosa
					Electricidade	Sí
					Alum. Público	Sí
					Telefonía	
					Rec. Lixo	
					Transporte	

**ELEMENTOS CATALOGADOS:**


**CRITERIOS de DELIMITACIÓN:**

Defínese como Núcleo Rural Tradicional e ao amparo do artigo 23, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que encerra as edificacións tradicionais do asentamento, seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos...), presentando unha consolidación de edificación de ao menos o 50%.


A partir deste créase un segundo ámbito, núcleo común, onde o grao de consolidación da edificación sexa igual ou superior a un terzo da superficie.

**SUPERFICIE e GRAO DE CONSOLIDACIÓN:**

SUP. BRUTA NRT	PARCELAS EDIFICADAS	PARCELAS EDIFICABLES	CONSOLIDACIÓN
23.117 m <sup>2</sup>	16	22	72,73 %

SUP. BRUTA NRC	PARCELAS EDIFICADAS	PARCELAS EDIFICABLES	CONSOLIDACIÓN
9.619 m <sup>2</sup>	2	5	40,00 %
14.520 m <sup>2</sup>	4	7	57,14 %
12.660 m <sup>2</sup>	3	7	42,86 %

**ANTECEDENTES:**



DILIXENCIA: Que o presente documento de Modificación Puntual Nº1 do PXOM de Tordoia foi Aprobado inicialmente por acordo da sesión do Pleno do Concello, de data 7 de febreiro de 2024. Tordoia, na data da súa sinatura electrónica. A Secretaría Beatriz Ovega Vilariño (asinado obrante)